

FESTA

XUÑO 2024

CARBOEIRO

ESCOLAR

REVISTA Nº10

CEIP Plurilingüe
do Camiño Inglés

CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés



Av. Álvaro Cunqueiro s/n
15888 Sigüeiro- Oroso



ceip.caminho.ingles@edu.xunta.es



shorturl.at/zBGZ8



shorturl.at/uyDNT



instagram.com/ceipdocaminhoingles




twitter.com/caminhoingles



881 996 180

Revista Escolar
CARBOEIRO ESCOLAR
Revista Nº X- Xuño 2024
EXEMPLAR GRATUITO

Financia: EDLG
Coordinación: EDLG
Imprime: Tórculo

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



EDITORIAL

Presentamos aquí unha nova edición da revista “**Carboeiro Escolar**”, que xa vai pola súa décima edición. Recompilamos algúns dos momentos máis importantes do curso e, como non, facemos especial mención dun acontecemento especial: o noso cole cumpre dez anos!

Unha década de experiencias e aprendizaxes. Unha institución que colle vida grazas a todos e cada un dos membros da comunidade que a compoñemos. Formamos diariamente un espazo de convivencia onde a vida do cole está chea a súa vez de cada unha das vidas de todos nós.

Así, o fío temático e integrador das actividades do curso escolar tiña que estar necesariamente vinculado con isto. O proxecto vertebrador elixido foi chamado como tal, “**Proxecto Festa**”. Unha festa para conmemorar o noso aniversario tal e como o requiría a ocasión!

Fomos honrados coa apertura oficial do curso académico aquí o que puxo o foco dos medios de comunicación nas nosas actividades máis salientables, como Erasmus+. Tivemos moitas visitas, entre elas as do Presidente da Xunta, a Ministra de Educación ou mesmo, da Raíña Letizia.

Foron moitas as actividades que fixemos dentro de este contexto: un museo sobre a festa, unha exposición sobre a historia dos dez anos do centro dende a inauguración, traballamos nos diferentes tipos de festas e, en xeral, as conmemoracións escolares xiraron en torno a esta temática.

Debemos sentirnos orgullosos/as destes dez anos de escola. Este foi unha tolema de sentimentos e emocións. O vindeiro curso máis e mellor.

ÍNDICE

3 O MAGOSTO

4 O NADAL

5 O ENTROIDO

6 ANPA

7 CANDELORIA / ROSALÍA
IGUALDADE

8 SEMANA DO TEATRO

10 RADIO Ú

11 OS MAIOS

12 SPRING WEEK

13 ASAMBLEAS

14 CLUB DE LECTURA

15 ESCOLA MAINA

16 LETRAS GALEGAS
ECOTROPA

17 HORTO ESCOLAR
EXPO FESTA

18 ERASMUS +

20 PROPOSTA FÍSICO DEPORTIVA

21 ORLAS



O 31 de Outubro celebramos con moita festa o Magosto

Moita festa por que? *Porque non paramos de facer actividades para celebralo.*

Entre elas tivemos unha exposición de diferentes maquetas de **buxainas** elaboradas con moito agarimo e posteriormente un **concurso** de habilidades coas mesmas.

Por si fora pouco, despois de observar as grandes habilidades coas mans e as buxainas, tivemos que demostrar a gran destreza que tiñamos coas pernas na X Carreira Escolar do Magosto.

Para finalizar, houbo unha entrega de premios e como non podía faltar nesta festa, tivemos unha degustación de ricas castañas para encher eses estómagos famentos!



O NADAL

"O NADAL" UN REFERENTE DAS FESTAS NO CAMIÑO INGLÉS.

A festa do Nadal un ano mais foi emocionanteante, e o celebramos con alegría, ilusión e moitos nervios, xa que estas datas son moi especiais e máxicas.

Comezamos decorando o cole coas **árbores** e multitude de **adornos**, elaboramos **postais navideñas** para as familias, escribimos as cartas para o Paxe Real...

Tamén como todos os anos, fixemos galanos con material de refugallo, para solidarizarnos co consumo xusto e o coidado do Medio Ambiente.

Os galanos non nos deixan de sorprender, como sempre,foron dunha gran creatividade.

Ademáis, como ven sendo tradición, para dar a benvida ao ano novo, fixemos unha simulación das doce badaladas nunha festa increíble con animación, música, baile, chocolate con churros... e sobre todo con moita diversión e ganas de pasalo ben!!!



Empezamos a semana de festa cos mandados que foron, coma sempre, divertidos: peiteados, sombreiros e globos. Pasamolo xenial

O venres, o día da festaza, choveu e non puidemos saír as rúas de Sigüeiro para que todos visen a creatividade das familias do cole. Pero a chuvia non puido coas gañas que tiñamos de festa e organizamos no ximnasio do cole unha festaza que tivo de todo: unha voda, charangas, músicos, sevillanas, cantantes, troitas, tiovivos, coches de choque, bandeiras, churreiros, xeadeiros, persoal de seguridade

E, como non podía ser doutro xeito, rematamos a festa coas tradicionais rosquillas que este ano foron acompañadas de froita e leite. Moitas grazas a ANPA pola colaboración.

E como en todas as festas importantes, a **RTVG** estivo facendo entrevistas e grabando para o programa **Vaia Troula**.



Queridas familias, rematamos outro curso máis cheo de recordos e actividades para o alumnado e as familias.

Este curso, os nenos e nenas participaron activamente nas actividades extraescolares propostas: **Natación, inglés, cociña, teatro e robótica** (coas que xa contabamos en anos anteriores) e unha actividade nova, **capoeira**. Xa estamos pensando nas do vindeiro curso.

Seguimos colaborando nas actividades que nos propón o colexio, a nivel de persoas voluntarias, como economicamente, facéndonos cargo dalgúns gastos, en actividades como: a **Carreira do magosto**, entroido, bocata xigante... e seguirémolo facendo nas que se organicen no que nos queda de curso e en anos vindeiros para poder ofrecer os mellores servizos e actividades ao alumnado e ás familias.

Como cada ano, formamos parte do **Consello Escolar**, tramitamos distintas axudas públicas coas diferentes administración (Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Concello de Oroso) para conseguir financiación para actividades e material de cara aproveitamento do alumnado e intervimos como mediadores entre as familias e o centro e as administracións intentando dar resposta e solventar os problemas que poidan xurdir ao longo do curso.

Priorizamos a atención á diversidade e a inclusión de todo o alumnado, procurando mediar

ao favor da consecución da total integración de todas as persoas e organizando actividades formativas e inclusivas e priorizando as necesidades do alumnado con necesidades especiais, porque pensamos que toda axuda é pouca para acadar unha plena inclusión na comunidade educativa.

O curso pasado organizamos una **excursión** de primavera ao centro de **turismo ecuestre O Ventoso de Laracha**. Este ano, optamos polo **Ecoparque Atalaia** en Cotobade. Nestas xornadas, as familias gozan de actividades ao aire libre en familia e foméntase a convivencia (ademais de pasalo moi ben todos/as xuntos/as).

Este curso tamén realizamos varias actividades de igualdade: Escolas de familias, obradoiros co alumnado de primaria e dúas representacións teatrais de **Teatro Ghazafellos** e **A Xanela do Maxín**, grazas a unha subvención do Plan Corresponsables, xa que coidamos que a igualdade hai que fomentala dende o nacemento.

Levamos a cabo tamén obradoiros puntuais ao longo do curso escolar con diferentes temáticas segundo a época do ano e actividades en familia.

Programamos ademais, en colaboración coa Deputación da Coruña, algunha actuación, como a levada a cabo no fin de curso pasado con Teatro calavera ou a prevista para o Samaín no curso que vén.

Escoitamos as necesidades do centro e adquirimos material e mobiliario para o uso e disfrute

dos nenos e nenas en colaboración coa Deputación da Coruña.

E, sobre todo, sempre estamos dispostos/as a escoitarvos, a que opinedes e propoñades porque entre todos/as sempre se pode acadar moito máis.

Ao longo do curso é moito traballo, como vedes, pero as persoas que estamos na directiva da ANPA cremos que con constancia e esforzo podemos conseguir maiores logros e, aínda que todas as persoas que formamos parte da directiva temos familia, traballo e obrigas, sempre intentamos dar o mellor de nós polos nosos/as fillos /as.

Soamente nos queda agradecer ao colexio por apoiarnos sempre en todas as iniciativas que propoñemos e por darnos todas as facilidades para poder realizar todo o que se nos ocorre e a todas as familias socias o apoio ano tras ano, sen vós non sería posible. Dende a directiva, prometemos seguir traballando e mellorando para poder ofertar as mellores actividades e o apoio q todos os menos e nenas necesitan para que o seu paso pola escola sexa inesquecible.



A CANDELORIA E O DÍA DE ROSALÍA

No mes de febreiro tivemos no centro dúas conmemoracións moi especiais: a Candeloria e o día de Rosalía.

Segundo o dito popular, na Candeloria “*a metade do inverno vai fora*”.

Coma sempre, para celebrar esta data fixemos o **VIII Certame de cartas e poemas de amor**, vinculadas ao proxecto Festa.

No día de Rosalía reunímonos no hall do Centro para recitar poemas e, este ano, tamén na lingua de signos.




IGUALDADE

Dende o noso centro, traballamos de xeito transversal a igualdade ao longo de todos os niveis, pero ademais este curso aproveitamos os obradoiros para levar a cabo distintas actuacións co alumnado para poder visibilizar e concienciar sobre o tema.

Creouse un espazo de igualdade no corredor do primeiro andar, que lles permita ao alumnado amosar as súas suxestións sobre o tema. Co gaio do día internacional da violencia de xénero, organizamos un concurso de slogans na súa contra. Utilizamos como ferramenta o Padlet de igualdade do centro; participou todo o alumnado de primaria e houbo un premio por clase; o noso alumnado fixo uns slogans xeniais. Nesta mesma liña traballamos os piropos como un acto derivado do machismo, o acoso o matrimonio infantil, ou o comercio xusto.

O 8 de marzo foi un día especial, e moi emotivo no Ceip do camiño Inglés, xa que puxemos en marcha unha exposición cargada de significado: unha homenaxe as vítimas de violencia machista; para iso escollemos cincuenta mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou pais (violencia vicaria), escribimos unha pequena

biografía nun cartel de cor morada, acompañado dun par de zapatos de cor vermella, que foron recollidos coa colaboración de todo o noso cole. O alumnado de infantil e de 4º de primaria, leron un manifesto reivindicativo pedindo a desaparición da violencia machista para sempre. Para completar a exposición e coa colaboración de todos, fixemos unha pequena exposición-homenaxe



“ás nosas mulleres”; esas mulleres que forman parte da nosa vida e que pasan desapercibidas, pero que son relevantes para cada un de nós.

A igualdade é tarefa de todos, e dende o noso centro seguiremos traballando para poñer o nos gran de area para acadar unha sociedade máis igualitaria. Moitas grazas familias, pola vosa colaboración, sempre, en todas as dinámicas que plantexamos.

SEMANA DO TEATRO


Celebramos a **VIII semana solidaria do teatro** entre o 18 e o 22 de marzo. Pero o traballo xa comezou moito antes en cada unha das aulas.

Nesta ocasión as obras representadas tiveron un fío común: **FESTA**. Así, todo o alumnado e profesorado do centro e máis os familiares que nos acompañaron, desfrutaron dunhas maravillosas representacións.

Contamos con **Tonhito de Poi** como padriño desta semana solidaria, na que se recaudaron cartos non só coa entrada, senon que tamén

tivemos a oportunidade de colaborar no mercadillo solidario e participar no sorteo dunha camiseta do Obradoiro, no que finalmente resultou premiado **Christian Noya**.

Destacar que contamos cunha obra moi especial, que se representou tamén no exterior: **A festa da árbore**. Esta obra rematou coa plantación dun castiñeiro da man de Fernando, o noso conserxe. Él inaugurou unha práctica que agardamos se manteña no tempo: cando unha persoa se vai xubilar no noso centro deberá plantar unha árbore.





Un dos proxectos máis importantes do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés é sen dúbida a radio.

Como serían as mañás sen os informativos de última hora?

Neste programa diario, o alumnado infórmanos dos eventos máis importantes do día, dos aniversarios, da climatoloxía, das festas e cóntannos un chiste para comezar a mañá de bo humor.

Tamén temos o programa “**O máis alto do podio**”. Con máis dunha centena de emisións, infórmanos das novidades do deporte en Oroso.

Neste proxecto, non podía faltar un espazo adicado ás mulleres. “**Muller tiña que ser**” é un programa onde levamos a cabo entrevistas a mulleres que deixan ou deixaron a súa pegada no mundo da educación.

E chegamos... a **VII Edición do Certame de Entrevistas Radiofónicas!** Este ano en relación ao proxecto festa. O gañador foi Antonio e como finalistas Elba, Abril e Iván. O obxectivo é entrevistar aos personaxes escollidos. Xa podedes escoitar a Abraham Cupeiro e proximamente a artistas como Tania Veiras ou Lito.

Como curiosidade... sabedes de onde ven o nome RadioÜ? Da diérese de Sigüeiro. Así o explicou Xoán Galán no programa Galiza en goles, coa **camiseta de RadioÜ**.



Neste curso, grazas ao proxecto **FESTA**, estudamos as diferentes festas de Galiza e algunhas de fóra. Entre estas festas están os **MAIOS**.

A festa dos **MAIOS** non se celebra na nosa contorna, pero é moi importante en moitas zonas de Galiza tales como Ourense, Redondela, Tabagón... É a celebración da primavera, da nova sembra, en definitiva: é a festa das flores. Para iso xúntanse novos e vellos, rapaces, avoas... para recoller flores e herbas dos campos para facer “os maios”.

Os maios son estruturas decoradas con esas flores

e herbas recollidas nos montes e campos e poden ser tradicionais ou artísticos. Os tradicionais teñen forma de cono ou pirámide, e os artísticos, fan alusión á vida cotiá.

A cando estas decoracións, tamén se fan coplas satíricas co fin de protestar ou ridiculizar feitos ou personaxes da vila ou da contorna. Estas entónanse acompañadas de percusión de madeira.

Aínda que nós non fixemos as coplas nin cantemos acompañados de percusión, esperamos que vos gusten os nosos **MAIOS!!**



SPRINGWEEK

Vintecinco nenas e nenos, de sexto de educación primaria, desprazáronse ata **Mondariz**, ao complexo do Cemar, dende o día 12 ata o 18 de maio.

O alumnado participou no programa de inmersión lingüística na lingua inglesa “**SPRING WEEK**” co obxectivo de mellorar e fortalecer o seu nivel lingüístico. Para iso, a presenza de **monitoras/es nativos** foi un punto clave.

Ademais de buscar un aproveitamento que permitira o progreso e a mellora das competencias do alumnado na aprendizaxe da lingua inglesa, tamén se buscaba espertar actitudes de respecto cara ao medio natural e concienciar sobre a

necesidade de manter comportamentos cívicos que non danen o planeta.

As actividades realizábanas en pequenos grupos e co alumnado dos outros centros participantes, fomentando a socialización e a convivencia con outros nenos e nenas da mesma idade.

Por último, o mal tempo permitiu realizar hípica, tiro co arco, geocaching e outras actividades. Ademais, adentrámonos na contorna de Mondariz visitando o Castelo de Sobroso.

Unha experiencia de inmersión lingüística acompañada de socialización e convivencia.





Durante este curso celebramos 10 asembleas, intentando que fosen o derradeiro venres de cada mes. Pero, ás veces fixémolas coincidir con días especiais como o día de Europa, na que contamos coa visita de dúas profesoras de **Estonia**.

Neste espazo de participación todo o alumnado e profesorado escoitamos propostas de mellora moi interesantes que na medida do posible se foron atendendo. Por exemplo, o ano pasado pediuse que se modificaran as cores dos aseos, e este curso cando chegamos atopámonos coa sorpresa, agora son máis inclusivos. Os grupos de 5º e 6º pediron ter uns colgadoiros para ás cazadoras que non collían nas taquillas e mercáronse. Pero tamén se pediu que mantivésemos un ton de voz máis baixo nas clases, que nos portásemos ben cos máis pequenos, que fósemos máis respectuosos tanto

cos demais coma co mobiliario do centro...

Este curso tamén contamos con: unhas “clases de lingua de signos” presentadas polo alumnado de 3º de primaria; e un recanto para facer as nosas aportacións aos acordos do trimestre.

Repartíronse os premios da Radio, demos á benvinda ao novo alumnado e aos diferentes profesores e profesoras que se foron incorporando ao longo de curso.

E para rematar, destacar a labor dos Convicompis, alumnado voluntario de 5º e 6º, e este curso, tamén de infantil. Eles contribuíron ao bo desenvolvemento destas xuntanzas, tentando manter orde e favorecendo unha actitude de respecto e escoita cara ás compañeiras e compañeiros.

CLUB DE LECTURA

Este é o terceiro ano que desenvolvemos o denominado “Club de lectura”.

Esta actividade ten éxito entre o alumnado de sexto máis lector e consiste na lectura dun libro mensual. O último xoves do mes, comentámolo e realizamos diversas actividades.

O primeiro libro seleccionado foi “Animais fantásticos de aldea”,



unha historia de Andrea García Martínez (veciña de Oroso). Ademais, Andrea, acompañounos na nosa primeira reunión para tratar de descifrar o enigma que ocultaba na última páxina e poder entrevistala.

Ao longo do curso, escolléronse

lecturas de diferentes xéneros e enfocadas en temáticas de índole social.

Algúns foron os seguintes:

• **Invisible**, que traballa o acoso escolar.



• **Heartstopper**, que trata o respecto cara a diversidade afectivo-sexual.



• **Teño 14 anos e non é unha boa nova**, relacionado coa triste realidade que é o matrimonio infantil.

Tamén tivemos tempo para a intriga e o terror con **Valkiria e Mentira**. Este último permitiunos analizar os estereotipos de xénero a través de preguntas coa aplicación plickers.

Por outra banda, as actividades foron variadas. Dende comentar os libros ata realizar un scape room virtual ou facer un anuncio publicitario.

Dende logo, o club de lectura, é unha experiencia do máis entretida para o alumnado que lle gusta ler.

Polas tardes, tamén se desenvolveu o programa “Lectura e familias”.



ESCOLA MAINA



Por segundo ano, o cole ven desenvolvendo a iniciativa **Escola Maina** co afán de ter unha boa convivencia e contribuir á paz e á harmonía do centro. Por votación, aos grupos que máis aporten nese sentido (difícil decisión), se lles concede un distintivo e o privilexio de cumprir un desexo como grupo.

Parabéns a todas e a todos polos esforzos realizados para crear a nosa escola maina!

LETRASGALEGAS

Como todos os anos, celebramos o día das **Letras Galegas** cun acto no hall do colexio ao que asistiu todo o alumnado.

Achegámonos á figura de Luisa Villalta, coñecendo un pouco da

súa biografía e obra, e escoitamos uns versos do seu poema O Papagaio, que fala da importancia da amizade.

Previamente, o alumnado traballou nas aulas sobre a poetisa a través de diferentes

actividades.

Aínda que é unha autora complexa para o alumnado, é imprescindible coñecer as figuras que reciben este recoñecemento, pois contribúen a que a nosa lingua siga viva e prestixiada.



O coidado e o respecto ao medioambiente son algunhas das nosas preocupacións no centro, xa que son accións importantes que nos levarán a manter un espazo saudable e sostible para todos e todas. Por iso, ao longo do curso fanse tarefas e actividades diversas neste campo.

Un neno de 6º e unha nena e un neno de 5º curso son os encargados da caseta medioambiental situada no patio inferior. A súa función principal será supervisar o uso da mesma por parte de todo o alumnado nese tempo do recreo, informar da utilización dos diferentes materiais, manter todo ordenado, para que todos e todas poidan desfrutar e coñecer o medio natural.



Algunhas das accións que se poden realizar para coidar o medioambiente no centro inclúen reciclar e reducir o consumo de enerxía, para fomentar a educación ambiental entre o alumnado. Desta forma, durante os recreos hai 2 nenos e nenas diferentes cada día que se encargan de rexistrar e anotar aspectos relacionados coa ventilación das aulas, aforro de enerxía, ruído...

No obradoiro de Ecotropa realizamos diferentes



experimentos científicos, robótica, cociñamos, realizamos un sorteo solidario a favor da escola de Smara elaborando a cartelería e os talonarios de rifas, entre outras cousas.



O alumnado tivo, un curso máis, a oportunidade de participar activamente no proceso de sementado, plantado e coidado do horto escolar.

Coa chegada da primavera, puxémonos mans á obra! Unha vez arrincadas as malas herbas e



preparada a terra dos bancais con abono natural, pasamos ao cultivo das leitugas, cebolas, cenorias, amorodos, tomates, berenxenas e pementos. Asemade, plantamos distintos tipos de herbas aromáticas e plantas ornamentais.



EXPO FESTA

Durante este curso situamos a mirada do noso proxecto anual nas festas. Unha oportunidade de coñecer un pouco mellor a cultura propia e doutros lugares e de profundizar en temas como a música, a gastronomía ou os costumes. Moitas foron as actividades que realizamos e quixemos resumilas nun traballo conxunto.



O día 21 de maio e con motivo do Día Mundial dos Museos, inauguramos a ExpoFesta. Pretendiamos facer unha recompilación dos traballos que fixemos ao redor desta temática durante todo o curso. Recolleemos festas doutros lugares, específicas de Oroso e de Galicia, carteis de festas antigas e un especial sobre os palcos da festa. Ademais podíase gozar xogando con interesantes propostas sobre este tema. Estivo situada na entrada ao centro.

Tamén traballamos, no que denominamos eXpo, sobre os dez anos do noso cole. Obxectos, fotografías, vídeos e unha liña do tempo que recolle o máis importante dos dez anos da nosa pequena historia.

We shared this adventure with Pärnu Raeküla Kool in Pärnu, Estonia, that has been involved in Erasmus+ projects dealing with environment, ICTs, sports and healthy habits.

Pärnu is in the southwest of Estonia and it is the fourth-largest city in the country. It is on the coast of the Baltic Sea. It is a popular summer resort town with large beaches. We arrived via Riga, Latvia; then we traveled to Pärnu by bus on Monday morning where the Estonian families were waiting for us. We had a very warm welcome. In the afternoon, Remi's family, one of the kids, invited us to enjoy playing ice breaking games and getting to know each other in his garden.



Tuesday was a day of History, Culture and Nature. In the morning, we went to the Seljametsa museum, a local museum of history and culture where we had the opportunity to experience ancient traditional activities, such as cooking and handcrafting. Then, we visited a self sufficient farm in Soomaa Rahvuspark. We tasted typical handmade meat pasty and apple pie. Afterwards, we enjoyed hiking in the woods. We had the chance to observe autochthonous species of trees and animals.

Wednesday and Thursday, we went to Pärnu Raeküla School. We carried out some activities on the project, shared the presentations of both schools and festivities, and participated in handcraft workshops: masks, typical in one of their festivities. We got to go to some lessons: Estonian, Maths and English. It was curious to observe the differences between their lesson and our lesson. The Estonian students guided us around Pärnu showing and telling us the most relevant places in the town. Finally, we had a good time going to their Spring concert.

On Friday, we took part in an orientation game around Pärnu which was really fun. In the afternoon, it was time for the farewell to the families. It was very emotional to say goodbye until we see each other again in October.

We went back to Riga where we spent the weekend before coming back home. We were amazed by this beautiful city.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Ilha Terceira - Portugal



Job Shadowing in Azores

Between the 4th and 7th of June, Iria Sánchez (infant) and Lorena (music) visited the EBS Tomás de Borba school in the Terceira island of Azores.

They were able to observe first hand the way of working of the school where there was also an integrated music conservatory.

In depth about aspects related to educational needs, philosophy for children, dramatic-musical expression and the school's teaching methods including computational thinking projects.

It was a very rewarding experience



The adventure started in November 9th at 3 am, when we got on the plane to London, where we stayed 6 hours until the flight to Helsinki took off.

On Friday, we went in the morning to see some of Helsinki's most important monuments with a guide. In the afternoon, we went to the hotel swimming pool and sauna.

On Saturday, we went to an island called Suomelina where we played a game in which we had to look for some objects on the island. That afternoon we went to the swimming pool again.

Sunday was our last day in Helsinki, we took the train to Nivala to meet our families.

We stayed in Nivala on the 13th, 14th and 15th. Finally, on the 16th we went back to Helsinki.

In Nivala, we went to two different schools: Abril, Elia, Antón, Lois, Ruth and Carlota went to Aittolan Koulu with Fátima. Verónica, Gabriel, Iván and Adriana went to Kaarvoskylän Koulu with Inés. Aittolan Koulu. The first thing we did on Monday was an introduction game to get to know each other better, then we went outside to eat some sausages and marshmallows in the snow.



On Tuesday, we watched how the lessons developed there; thus, we attended a Swedish lesson and an English lesson to end up playing kahoot. At the end of the day, we made some gingerbread biscuits and a typical dessert there called Karelia.

On Wednesday, both school pupils together with their families went to see the monuments of Nivala; when we came back, we made friendship bracelets. In the afternoon, we had a great time with the families.

On Thursday, we sang Christmas songs in Spanish and tried to sing them in Finnish.

Kaarvoskylän Koulu. When we arrived to school on Monday, we introduced ourselves and chose our seats. After that, we played some games and got assigned groups so we could all socialise. And to end our day at school we ate sausages and marshmallows.

On Tuesday, we started making some carpentry. Then, we exhibited the presentations we made about Galician festivities and a kahoot. Finally, we cooked a dessert with puff pastry and jam.

On Wednesday, we went to a museum that was an old house, we ate at a highschool, we went to another museum and to a church where we saw an organ that is 500.000 €.

On Thursday, we sang in Finnish with the other kids; after singing we attended a music lesson where we created our own rhythms on tablets.

On Thursday evening, we went back to Helsinki by train and we slept in the same hotel as the first three days. On Friday, we flew back to Santiago via Alicante.

PROPOSTA FÍSICO DEPORTIVA NO "CAMIÑO"



VÍCTOR PÉREZ e ARTEM PUSTOVYI no colexio

O curso 2023-24 continuou na liña dos anteriores. En canto a material e instalacións, puxéronse redes novas e dous taboleiros nun dos campos de baloncesto así como o xogo da rá (xogo popular-tradicional).

Estivemos na gala do deporte recibindo o recoñecemento do Concello. Visitáronnos, entre outros, os clubs de tenis de mesa, esgrima, hochei e a



Federación Galega de Balonmán. Tivemos dous invitados de luxo na sección radiofónica de baloncesto, Víctor Pérez e Artem Pustovyi (adestrador axudante e xogador do *Monbus Obradoiro*, respectivamente) pero tamén firmaron autógrafos e xogaron un KO xigante con todo o alumnado.

O profesorado participou nunha charla de primeiros auxilios, RCP e manexo do desfibrilador impartida polo bombeiro

Francisco Gutiérrez Vázquez.

Celebramos, entre outras, a carreira do magosto e o concurso de peóns; os



campionatos de xadrez, tenis de mesa e baloncesto 3x3; fomos á piscina có alumando de 4º; un KO xigante, o día da bici, o descenso polo Carboeiro e a Way Cup '24 que contou, novamente, con Víctor Pérez como padriño.

Un ano MOVIDITO!!!



ORLAS

23-24

Educación Infantil - Grupo A



Alén



Daniela



Lucas



Martina



Thiago



Vera



Daniela



Ethan



Martina



Xoel



Yago



Álvaro



Aitana



Aroa



Mara



Pablo



Saúl

Educación Infantil - Grupo B



Lúa



Mateo F.



Gael



Xalo



Xiana



Amelia



Julia



Lucas



Mateo J.



Rokhaya



Xián



Nara



Matías



Mara



Julieta



Naira



Leo

Educación Infantil - Grupo C



Sofia C.



Antón



Itziar



Aroa



Sofia L.



Roi



Anxo



Nico



Adriana



Felipe



Sofia O.



Álex



Ana



Khadi



Seydou



Ainhoa



Aitana

Educación Infantil - Grupo D



Cecilia



Chiara



Diana



Eric



Lara



Lucca



Mapaté



Martín



Martina



Moisés



Naia



Naira



Noa



Paula



Raúl



Santiago



Valeria

1º de Educación Primaria



Lucas B.



Hugo



Pablo



Lucas C.



Yaya



Paula C.



Diego



Paula G.



Daniel



Nicolás



Noela



Marta



Paula N.



Matias



Dylan



Sheila



Liam



Izan



Vega



Manuel



Guillermo



2º de Educación Primaria



Breo



Estela



Alioune



Noa



Martina



Enzo



Rayan



Marcos



Brais



Xeila



Lucas



Adrián



Saliou



Sabela



Lucca



Steisy



Lía



Lucía



Xoel



Julio

3º de Educación Primaria



José Manuel



Antía B.



Hugo B.



Manuel



Sara



Isaac



Olivia



Lucía



Antía F.



Izan F.



Daniela G.



Noemi



Bella



Izan G.



Daniela I.



Alicia



Pablo



Óliver



Alexandro



Icíá



Sabela



Andrea



Celtia




Lucas



Hugo R.

Personas CEIP Camiño Inglés



4ºA de Educación Primaria




Candela



Santiago



Martha



Óscar



Xurxo



Noé



Laura



Mouhamed



Christian



Inés



Fátima



Alejandro



Álvaro



Paula



4ºB de Educación Primaria



Zaira



Xián



Eloy



Mame



Iker



Aleixo



Cristian



Taha



Valeria



Adrián



Alex



Valentina



Hugo



5ºA de Educación Primaria



Leo



Guillermo



Daniel



Leah



Hugo



Xavier



Alba



Dyibril



Chanel



Iago



Aldán



Simón



Paula



Noa



5ºB de Educación Primaria



Aarón



Iker



Hugo



Laia



Samuel



Khady



Anahi



Rubén



Diego



Naia



Mario



Gabriela



Yago



Nerea



Valeria

6ºA de Educación Primaria



Lois



Sabela



Estela



Iván



Adriana



Nico



Antonio



Elia



Brais



Freddy



Ádam



Antón



Yacine



Verónica



Diego



Lucas



Mario



6ºB de Educación Primaria



Abril



Matías



Elba



Pablo



Ruth



Anxo



Moisés



Ainara



Noé



Lucía L.



Antía



Óliver



Lucía P.



Carlota



Gabriel



Bernardo



Santiago



Gisela



